

### III.4. EIXE 4: SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL

A cohesión territorial e a busca dun desenvolvemento sustentable e harmónico conseguirase protexendo os recursos endóxenos, garantindo a solidariedade entre territorios, preservando o medio ambiente e a contorna, e impulsando a igualdade na accesibilidade e conectividade aos servizos públicos esenciais, alá onde se atopen.

Baixo o enfoque do reequilibrio territorial, o Plan acolle tamén as actuacións compensatorias de estímulo empresarial e complementarias para a dotación de servizos persoais e empresariais.

Impulsaranse as oportunidades que se lle presentan a Galicia en enerxías renovables e na xeración de actividades económicas e postos de traballo ligados ás actividades de produción de enerxías alternativas ou de eficiencia enerxética e industrias de reciclaxe.


Dentro deste eixe atópanse as políticas vinculadas á ordenación do territorio, protección da natureza e da paisaxe, así como a vinculada ao emprego eficiente dos recursos naturais e da enerxía.

No que se refire ao equilibrio territorial as medidas que se van a implantar son as vinculadas ao reforzo e colaboración coas entidades locais para garantir a mellora da atención aos cidadáns e mellora da gobernanza (126 millóns de euros), así como o fomento da calidade das vivendas e a rehabilitación (21,6 millóns de euros).



#### *Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático.*

Unha parte deste obxectivo está formado polas medidas destinadas a un emprego racional da enerxía, mediante a implantación de sistemas que garantan a eficiencia enerxética. Unha das medidas que se ten previsto implantar é o emprego de instrumentos de enxeñería financeira que garantan o financiamento necesario para as empresas e entidades que invirtan nestes sistemas. No marco desta política a administración autonómica vai empregar este sistema de financiamento para afrontar a implantación de medidas de aforro enerxético nos edificios públicos da súa competencia.

Outra das medidas a implantar é o fomento das enerxías renovables como fonte de enerxía. Dentro desta medida un dos logros é acadar que a produción de enerxía proceda en gran parte de fontes renovables, así no ano 2009 (último dato facilitado polo Instituto Enerxético de Galicia- INEGA-) a produción de enerxía de fontes renovables acadou o 57%, e o consumo de enerxía de fontes renovables acadou o 78,8%.




No que ao tratamento da auga se refire, a comunidade autónoma está a facer grandes esforzos para garantir o máximo aproveitamento da auga, así como para proporcionar un subministro de auga a todos os galegos, e asegurar o tratamento das augas residuais.



A distribución dos obxectivos estratéxicos neste eixe reflíctese na táboa e gráfica que se xunta:

E4: Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	430.395.982	4,8 %	100,0 %
OE01 Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	136.418.180	1,5 %	31,7 %
OE02 Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	258.734.138	2,9 %	60,1 %
OE03 Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	35.243.664	0,4 %	8,2 %



As Fontes de financiamento do orzamento deste Eixe estratéxico son:

E4: Sustentabilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial	430.395.982	
Orzamentos Xerais da C.A.	274.391.229	63,75%
FCI	32.645.934	7,59%
FEDER	58.148.637	13,51%
Orzamentos Xerais do Estado	37.846.160	8,79%
FEADER	25.728.624	5,98%
FEP	328.180	0,08%
INTERREG	910.462	0,21%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	209.525	0,05%
OUTRAS INICIATIVAS	187.231	0,04%

#### III.4.1. OE 1: Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade da vida

A ordenación do territorio inspírase nun desenvolvemento sustentable a través dunha estratexia territorial integrada no conxunto da UE, que se organiza desde o recoñecemento dun modelo policéntrico, no que as grandes cidades articulan o conxunto e permiten un equilibrio e onde as vilas e os pequenos núcleos de poboación garanten a